





**A CONTAMINACIÓN CAUSADA POLAS VERTEDURAS DE AUGAS RESIDUAIS SEN DEPURAR OU SEN O TRATAMENTO ADECUADO ÁS MASAS DE AUGA FLUVIAIS E COSTEIRAS, E O SEU IMPACTO NO MEDIO E NA SAÚDE HUMANA, CONSTITÚE UN PROBLEMA GLOBAL QUE DEBE SER ABORDADO DESDE UN PUNTO DE VISTA INTEGRAL. PARA REDUCIR OS RISCOS AMBIENTAIS ASOCIADOS Á PRESENZA DE CONTAMINANTES EMERXENTES E MICROPLÁSTICOS, É ESENCIAL UNHA ESTRATEXIA COMÚN E UNHA COOPERACIÓN EFICAZ A AMBOS OS DOUS LADOS DA FRONTEIRA QUE PERMITA REDUCIR A EMISIÓN DESTES CONTAMINANTES.**

BlueWWater ten como obxectivo a mellora da calidade das masas de auga fluviais, de transición e costeiras, por medio do control, seguimento e avaliación das emisións de microplásticos e contaminantes de preocupación emerxente (CECs) ao medio acuático en Galicia e o Norte de Portugal, garantindo un uso sostible dos recursos hídricos e contribuíndo á implementación da normativa comunitaria.

## obxectivos

**Os obxectivos principais do proxecto son:**

01 Detección e seguimento de contaminantes de preocupación emerxente e microplásticos en augas residuais e en augas fluviais e costeiras



02 Avaliar a eficiencia das estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) e de tratamentos piloto avanzados.



03 Avaliar o potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.



04 Promover a colaboración, o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.



05 Concienciar e sensibilizar acerca dos riscos e impactos dos CECs e microplásticos tanto no medio ambiente como na saúde humana.

## actividades e resultados

### Desenvolvemento de ferramentas para a avaliación de microplásticos e CECs nas EDAR e no medio acuático

- Metodoloxías de alto rendemento para a determinación de CECs e microplásticos.
- Exercicio interlaboratorios para a validación de metodoloxía analítica.

### Riscos e impactos derivados da presenza de contaminantes de preocupación emerxente (CECs) e microplásticos

- Avaliación da eficacia das EDAR e de tratamentos terciarios/cuaternarios en estacións piloto.
- Potencial de reutilización da auga tratada para fins agrícolas.
- Avaliación ambiental mediante metodoloxía análise de ciclo de vida (ACV).
- Ferramenta de modelización de apoio á avaliación de risco ambiental.

### Dinamización e fortalecemento da Rede NOR-WATER

- Catálogo de capacidades e oferta tecnolóxica.
- Base de datos documental de CECs.
- Webinars, seminarios e Winter school.

### Actividades de educación ambiental e sensibilización

- Talleres, accións de limpeza de lixos, exposicións itinerantes, vídeos e infografías, publicacións divulgativas, xogos e kits didácticos.

# bluewwater

CONTROL, TRATAMENTO E REDUCIÓN DE MICROPLÁSTICOS E CONTAMINANTES EMERXENTES EN AUGAS RESIDUAIS URBANAS E NO MEDIO COSTEIRO TRANSFRONTEIRIZO




## consorcio

Centro Tecnológico del Mar Fundación CETMAR (Coordinador)

Águas e Energia do Porto, EM

Câmara Municipal de Viana do Castelo Centro Monitorização e Interpretação Ambiental

Câmara Municipal Vila Nova de Cerveira Aquamuseu do Río Minho

Centro Interdisciplinar de Investigación Mariña e Ambiental (CIIMAR) Univ. do Porto

Centro Tecnológico del Agua (CETAQUA)

Instituto Español de Oceanografía Centro Oceanográfico de Vigo (IEO-CSIC)

Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR)

LSRE-LCM, Faculdade de Engenharia da Universidade do Porto (FEUP)

Faculdade de Ciências da Universidade do Porto (FCUP)

## panel consultivo

Agência Portuguesa do Ambiente, IP - ARH do Norte

Águas do Norte, S.A.

Augas de Galicia

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, CHMS

LABAQUA, Laboratorio y Soluciones Ambientales S.A.U.

Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia

## contacto


**Área de Control y Gestión del Medio y los Recursos Marinos**
bluewwater@cetmar.org

**Centro Tecnológico del Mar – Fundación CETMAR**
C/ Eduardo Cabello S/N - 36208 Vigo (Pontevedra)

**www.bluewwater.eu**


## síguenos en

https://x.com/BlueWWater

https://www.linkedin.com/in/proyecto-bluewwater/

@bluewwater_project


## financiación

**Programa de Cooperación Transfronteriza Galicia-Norte de Portugal (POCTEP) 2021-2027**

## orzamento

**1.357.053,57 €**
**(Contribución FEDER: 1.017.790,19 €)**

"Cofinanciado pola Unión Europea a través do Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027. As opinións son de exclusiva responsabilidade do autor que as emite".